



## **CONCELLO DE POIO**

Ref: MC

(Secretaría)

ACTA DA SESION ORDINARIA, NÚMERO CINCOCENTAS TRINTA E UNHA REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACION O DÍA TRINTA E UN DE MAIO DE DOUS MIL DEZASEIS.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezanove horas e trinta e cinco minutos do día trinta e un de maio de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coas asistencia dos Srs./as. Concelleiros Xulio Barreiro Lubián, Xosé L. Martínez Blanco, Margarita Caldas Moreira, Lidia Salgueiro Piñeiro, Jose Angel Lodeiro Cancela, Rocío Cochón Castro, Manuel Domínguez Álvarez, Cándido Muiños Balea, Marcial Garcia Freijeiro, Juan Jose Rodríguez Grandal, M<sup>a</sup> Consuelo Besada Lores, Gregorio L. Agís Gómez, Rosa Fernández González e Silvia Díaz Iglesias; escusa a non asistencia o Concelleiro Angel Moldes Martínez e a Interventora Municipal Olga Fernández Rodríguez. Actuando a Secretaria Xeral do Concello D<sup>a</sup>. Paula Díaz Ramos. Reuníronse en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria correspondente ao día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

4248.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR DO 26 DE ABRIL DE 2016, NÚM. 529.- Dáse conta da acta anterior do 26 de abril de 2016, correspondente á acta número 529 e ao non presentarse alegación ou observación ningunha á mesma de conformidade co disposto no Real decreto legislativo 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais esta queda aprobada polo voto favorable dos quince membros presentes sendo dezzasete o seu número legal de membros.

4249.- ESTADO DE EXECUCIÓN DOS ASUNTOS PRECEDENTES.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do estado de execución dos asuntos precedentes e que son os que seguen: "4233.- PASE A SITUACIÓN DE CONCELLEIRA NON ADSCRITA DE D<sup>a</sup>. SILVIA DÍAZ IGLESIAS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente; 4234.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN PARCIAL DAS DELEGACIÓNS CONFERIDAS POR DECRETO DA ALCALDÍA DE DATAS 25/06/2015 E 29/06/2015.- Uniuse certificación do acordo ao expediente; 4235.- DAR CONTA ESCRITOS DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG E CONCELLEIRA NON ADSCRITA SOBRE PARTICIPACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente; 4236.- INTERVENCIÓN, INFORME CUMPRIMENTO DO ARTIGO 10 DA LEI 25/2013 D IMPULSO DA FACTURA ELECTRÓNICA E ARTIGO 4º DA LEI 5/2010, DE 5 DE XULLO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao servizo de intervención; 4237.- INTERVENCIÓN, DAR CONTA DO INFORME EN CUMPRIMENTO DO ARTIGO 218.1 DO REAL DECRETO 2/2004, DE 5 DE MARZO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI DE FACENDAS LOCAIS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao servizo de intervención; 4238.- INTERVENCIÓN, MODIFICACIÓN NÚM. 8/2016, SUPLEMENTO DE CRÉDITO FINANCIADO CON REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS. AMORTIZACIÓN DÉBEDA.-

Uniuse certificación do acordo ao expediente, remitiuse e publicouse anuncio no Boletín Oficial da Pontevedra; 4239.- INTERVENCIÓN, MODIFICACIÓN NÚM. 9/2016, SUPLEMENTO DE CRÉDITO FINANCIADO CON REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS. INVESTIMENTOS FINANCEIROS SOSTIBLES.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, remitiuse e publicouse anuncio no Boletín Oficial da Provincia; 4240.- TURISMO, CANDIDATURA ENCONTRO DE EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS DE GALICIA ANO 2017.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse ao Club Mariño A Reiboa; 4341.- PATRIMONIO, APROBACIÓN DEFINITIVA ESCOLA EDUCACIÓN INFANTIL TARRÍO (SAMIEIRA) POR SUPRESIÓN DO CENTRO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Servizo de Patrimonio; 4242.- INFORME SOBRE VALORACIÓN DO SERVIZO REALIZADO POR VALORIZA BASEADO NOS INFORMES DE INTOCONSULTING MES MARZO 2016.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, comunicouse á Intervención Municipal e ao Servizo de Contratación; 4243.- DAR CONTA DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NÚMERO 13942, RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POR VALORIZA SERVICIOS AMBIENTALES, SA DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E LIMPEZA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, comunicouse á Intervención Municipal e ao Servizo de Contratación; 4244.- RATIFICAR O ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NÚMERO 13943, SOBRE O SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E LIMPEZA. LIQUIDACIÓNS PADRÓNS RSU QUINTO BIMESTRE DE 2015.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, comunicouse á Intervención Municipal e ao Servizo de Contratación e notificouse á Empresa Concesionaria do Servizo; 4245.- URBANISMO, DAR CONTA DO ACORDO NÚMERO 13941 ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL SOBRE O CATÁLOGO DA PAISAXE.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e comunicouse á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio; 4246.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, PARA A CONSTRUCCIÓN DUNHA ZONA DE XOGO HOMOLOGADA E ACCESIBLE, ASÍ COMO UN PARQUE BIOSAUDABLE NO ENTORNO DE PORTELIÑA (SAN SALVADOR).- Uniuse certificación do acordo ao expediente.”.

A Corporación dáse por enterada.

4250.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta das resolucións da alcaldía desde o último pleno ordinario realizado e que estiveron a disposición dos membros corporativos xunto cos demais asuntos que figuran na orde do día.

A Corporación dáse por enterada.

4251.- INTERVENCIÓN, APROBACIÓN DEFINITIVA CONTA XERAL EXERCICIO 2015.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 18 de abril de 2016 e que di textualmente: “- Dáse conta do expediente da Conta Xeral do exercicio 2015 e do informe de Intervención Municipal de data 2 de marzo de 2016 sobre a Conta Xeral exercicio 2015 e sobre os reparos realizados no mesmo exercicio.

Elévase á consideración da Comisión Informativa o expediente da Conta Xeral correspondente ao exercicio 2015, tras o cumprimento do trámite previsto no artigo 212.3º da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia en orde ao seu exame e consulta polo prazo de 15 días hábiles, a partir do día 18 de marzo.

Rematado o mesmo e en cumprimento do disposto no referido precepto e de conformidade có establecido no artigo 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e nas regras 102 a 104 da Instrución de Contabilidade Modelo Normal, non existindo debate ningún, actuando esta Comisión como Comisión Especial de Contas, en votación ordinaria, por 6 votos a favor do BNG e PSOE, ningún voto en contra e 4 abstencións do PP, adoptou os seguintes acordos:

Primeiro.- Ditaminar favorablemente a Conta Xeral do exercicio 2015.

Segundo.- Someter o expediente a un trámite de información pública polo prazo de 15 días durante os cales e oito máis, os interesados poderán presentar reclamacións, reparos e observacións.”.

Consta no expediente a realización do trámite indicado mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de apertura de información pública non constando no expediente antecedente ningún de presentación de alegacións ou reclamacións contra a mesma.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación por 10 votos a favor (6 BNG, 3 PSOE e 1 Concelleira Non Adscrita), 5 votos en contra do PP e ningunha abstención aprobou o ditame emitido pola comisión adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro:** Prestar aprobación á Conta Xeral do exercicio 2015 e demais documentos que a conforman de conformidade co establecido nos artigos 208 e ss do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais.

**Segundo:** Dar traslado do presente acordo á Intervención Municipal aos efectos da súa remisión ao Tribunal de Contas.

**Terceiro:** Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites sucesivos do expediente.

4252.- INTERVENCIÓN, RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO Nº 6/2016.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado e procede a dar lectura íntegra do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 16 de maio de 2016 que di textualmente: “Dáse conta do expediente, da Providencia e Proposta da Alcaldía de data 2 de marzo de 2016 e do informe da Intervención Municipal de data 2 de maio de 2016.

A interventora municipal explica o contido do expediente indicando que se trata do recoñecemento extraxudicial de crédito nº 6 pola existencia de dúas facturas correspondentes ao anterior exercicio 2015 as cales non foron presentadas no Concello ata o mes de abril de 2016, aínda que pertencen a subministrados e servizos prestados no exercicio 2015, ascendendo a 14.716,02€ correspondendo as facturas por “Concerto La Guardia o día 19 de agosto, Festa do Mar” e por “Subministro 100 llaveros e 100 bolígrafos”.

A Comisión por 4 votos a favor do BNG e da Concelleira non Adscrita, ningún voto en contra e 3 abstencións do PP acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a adopción dos seguintes acordos: 1º) Aprobar o recoñecemento das facturas obxecto do presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito por importe total de 14.716,02€ correspondendo as seguintes facturas obrantes no expediente: Factura nº0780200188 de COPE Pontevedra emitida en concepto de “Concierto La Guardia el 19 de agosto en Plaza da Chousa, Combarro. Festa do Mar”, emitida por importe de 14.520€ e factura nº23 de Rosa Mª Rey Prado, emitida en concepto de “Subministro 100 llaveros e 100 bolígrafos” por importe de 196,02€. e 2º) Aplicar con cargo ao Orzamento o exercicio 2016 os créditos mencionados con cargo as aplicacións que corresponden nas cales se efectuou a correspondente retención de crédito.”.

Non suscitándose debate ningún, o Pleno da Corporación por 10 votos a favor (6 BNG, 3 PSOE e 1 Concelleira Non Adscrita), ningún voto en contra e 5 abstencións do PP aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar o recoñecemento das facturas obxecto do presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito por importe total de 14.716,02€ correspondendo as seguintes facturas obrantes no expediente: Factura nº0780200188 de COPE Pontevedra emitida en concepto de “Concierto La Guardia el 19 de agosto en Plaza da Chousa, Combarro. Festa do Mar”, emitida por importe de 14.520€ e factura nº23 de Rosa Mª Rey Prado, emitida en concepto de “Subministro 100

llaveros e 100 bolígrafos” por importe de 196,02€.

**Segundo.-** Aplicar con cargo ao Orzamento o exercicio 2016 os créditos mencionados con cargo as aplicacións que corresponden nas cales se efectuou a correspondente retención de crédito

4253.- INTERVENCIÓN, DAR CONTA DA OBRIGA DE INFORMACIÓN DE ENTIDADES LOCAIS RESPECTO DA EXECUCIÓN ORZAMENTARIA CORRESPONDENTE AO PRIMEIRO TRIMESTRE 2016.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado e procede a dar lectura íntegra do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 16 de maio de 2016 que di textualmente: “A interventora municipal da conta do expediente manifestando que dando cumprimento á Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro remitiuse, o pasado 26 de abril de 2016, a obriga trimestral de subministro de información das Entidades Locais ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas con relación os datos referentes ao primeiro trimestre do exercicio 2016.

A Comisión dáse por enterada.”.

Non suscitándose debate ningún, o Pleno da Corporación dáse por enterada do trámite realizado.

4254.- URBANISMO, SOLICITUDE DE BONIFICACIÓN NA COTA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) PRESENTADA POR D<sup>a</sup> PATRICIA CRESPO GUIMERANS, EXP. 422/15 POR OBRAS REHABILITACIÓN VIVENDA UNIFAMILIAR E HÓRREO EN RÚA A RÚA Nº 13 DE COMBARRO.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado e procede a dar lectura íntegra do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 16 de maio de 2016 que di textualmente: “Dáse conta do expediente tramitado a instancia de D<sup>a</sup> Patricia Crespo Guimerans, expte. núm. 422/15 mediante instancia presentada no Rexistro Xeral do Concello de Poio o día 3 de decembro de 2015, solicitando a exención do 95% da cota do ICIO segundo o establecido no artigo 4.5 d) da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras e que se lle devolva o que corresponda por obras de Rehabilitación de vivenda unifamiliar e hórreo en Rúa a Rúa 13 do lugar de Combarro.

Consta no expediente informe favorable da interventora municipal de data 10 de maio de 2016.

A Comisión por unanimidade, acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a adopción dos seguintes acordos: Primeiro: proceder a practicar unha liquidación por importe de 1.718,37€ en concepto de imposto sobre construcións, instalacións e obras con relación o expediente nº422/15 con relación unicamente a vivenda, quedando pendente de liquidación a correspondente actuación solicitada no hórreo e Segundo: con relación a esta liquidación, procedería a concesión dunha bonificación de ata o 95% na cota do imposto sobre construcións, instalacións e obras debendo o Pleno determinar a porcentaxe a aplicar segundo os criterios que estimen convenientes.”.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación polo voto favorable dos quince membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernaación e Contas adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro:** Apobrar unha liquidación por importe de 1.718,37€ en concepto de imposto sobre construcións, instalacións e obras con relación o expediente nº422/15 con relación unicamente a vivenda, quedando pendente de liquidación a correspondente actuación solicitada no hórreo e con relación a esta liquidación, proceder a unha bonificación do 95% na cota do imposto sobre construcións, instalacións e obras.

**Segundo:** Dar traslado do presente acordo ao Departamento de intervención e urbanismo e notificar ao/á interesado/a con indicación de que contra o presente, poderá interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes, a contar desde a notificación, ao que se refire o artigo 108 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do réxime local, tal e coma preceptúa o artigo 14.2º do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, de

acordo coas condicións previstas no mencionado artigo.

Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñer recurso contencioso administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses computados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación, consonte ao establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa; dito recurso deberá resolverse no prazo de 1 mes desde a formulación do recurso de reposición e pasado este mes enténdese desestimado.

Así mesmo, advírtese que tamén poderá utilizar calquera outro recurso que estime pertinente, así coma exercer as accións que proceda ante a xurisdición competente.

4255.- URBANISMO, SOLICITUDE DE BONIFICACIÓN NA COTA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) PRESENTADA POR D. JESÚS CASTIÑEIRA MARTÍNEZ, EXP. 423/15 POR OBRAS REHABILITACIÓN VIVENDA UNIFAMILIAR E HÓRREO EN RÚA LAXE Nº 6 DE COMBARRO.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado e procede a dar lectura íntegra do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 16 de maio de 2016 que di textualmente: “Dáse conta do expediente tramitado a instancia de D. Jesús Castiñeira Martínez, expte. núm. 423/15 mediante instancia presentada no Rexistro Xeral do Concello de Poio o día 3 de decembro de 2015, solicitando a exención do 95% da cota do ICIO segundo o establecido no artigo 4.5 d) da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras e que se lle devolva o que corresponda por obras de Rehabilitación de vivenda unifamiliar e hórreo en Rúa Laxe 6 do lugar de Combarro.

Consta no expediente informe favorable da interventora municipal de data 10 de maio de 2016.

A Comisión por unanimidade, acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a adopción dos seguintes acordos: Primeiro: proceder a practicar unha liquidación por importe de 1.764,43€ en concepto de imposto sobre construcións, instalacións e obras con relación o expediente nº423/15 con relación unicamente a vivenda, quedando pendente de liquidación a correspondente actuación solicitada no hórreo e Segundo: con relación a esta liquidación, procedería a concesión dunha bonificación de ata o 95% na cota do imposto sobre construcións, instalacións e obras debendo o Pleno determinar a porcentaxe a aplicar segundo os criterios que estimen convenientes.”.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación polo voto favorable dos quince membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro:** Aprobar unha liquidación por importe de 1.764,43€ en concepto de imposto sobre construcións, instalacións e obras con relación o expediente nº423/15 con relación unicamente a vivenda, quedando pendente de liquidación a correspondente actuación solicitada no hórreo e con relación a esta liquidación proceder á concesión dunha bonificación do 95% na cota do imposto sobre construcións, instalacións e obras.

**Segundo:** Dar traslado do presente acordo ao Departamento de intervención e urbanismo e notificar ao/á interesado/a con indicación de que contra o presente, poderá interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes, a contar desde a notificación, ao que se refire o artigo 108 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do réxime local, tal e coma preceptúa o artigo 14.2º do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, de acordo coas condicións previstas no mencionado artigo.

Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñer recurso contencioso administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses computados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación, consonte ao establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa; dito recurso deberá resolverse no prazo de 1 mes desde a formulación do recurso de reposición e pasado este mes enténdese desestimado.

Así mesmo, advírtese que tamén poderá utilizar calquera outro recurso que estime pertinente, así coma exercer as accións que proceda ante a xurisdición competente.

4256.- URBANISMO, SOLICITUDE DE BONIFICACIÓN NA COTA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) PRESENTADA POR D. FRANCISCO CARBALLA ABAL, EXP. 449/15 POR OBRAS DE SUBSTITUCIÓN DE CUBERTA EN VIVENDA UNIFAMILIAR E REPARACIÓN HÓRREO EN RÚA A RÚA Nº 27 DE COMBARRO.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado e procede a dar lectura íntegra do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 16 de maio de 2016 que di textualmente: “Dáse conta do expediente tramitado a instancia de D. Francisco Carballa Abal, expte. núm. 449/15 mediante instancia presentada no Rexistro Xeral do Concello de Poio o día 18 de decembro de 2015, solicitando a exención do 95% da cota do ICIO segundo o establecido no artigo 4.5 d) da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras e que se lle devolva o que corresponda por obras de Rehabilitación de vivenda unifamiliar e hórreo en Rúa a Rúa 27 do lugar de Combarro.

Consta no expediente informe favorable da interventora municipal de data 10 de maio de 2016.

A Comisión por unanimidade, acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a adopción dos seguintes acordos: Primeiro: proceder a practicar unha liquidación por importe de 791,99€ en concepto de imposto sobre construcións, instalacións e obras e unha liquidación por importe de 119,62 € en concepto de taxa por expedición de licenza urbanística con relación o expediente nº449/15 con relación unicamente a vivenda, quedando pendente de liquidación a correspondente actuación solicitada no hórreo e Segundo: con relación a esta liquidación de ICIO, procedería a concesión dunha bonificación de ata o 95% na cota do imposto sobre construcións, instalacións e obras debendo o Pleno determinar a porcentaxe a aplicar segundo os criterios que estimen convenientes.”

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación polo voto favorable dos quince membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro:** Aprobar unha liquidación por importe de 791,99€ en concepto de imposto sobre construcións, instalacións e obras e unha liquidación por importe de 119,62 € en concepto de taxa por expedición de licenza urbanística con relación o expediente nº 449/15 con relación unicamente a vivenda, quedando pendente de liquidación a correspondente actuación solicitada no hórreo e con relación a esta liquidación de ICIO conceder unha bonificación do 95% na cota do imposto sobre construcións, instalacións e obras.

**Segundo:** Dar traslado do presente acordo ao Departamento de intervención e urbanismo e notificar ao/á interesado/a con indicación de que contra o presente, poderá interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes, a contar desde a notificación, ao que se refire o artigo 108 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do réxime local, tal e coma preceptúa o artigo 14.2º do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, de acordo coas condicións previstas no mencionado artigo.

Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñer recurso contencioso administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses computados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación, consonte ao establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa; dito recurso deberá resolverse no prazo de 1 mes desde a formulación do recurso de reposición e pasado este mes enténdese desestimado.

Así mesmo, advírtese que tamén poderá utilizar calquera outro recurso que estime pertinente, así coma exercer as accións que proceda ante a xurisdición competente.

4257.- URBANISMO, SOLICITUDE DE BONIFICACIÓN NA COTA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) PRESENTADA POR Dª CARMEN

LAREDO RIAL, EXP. 436/15 POR OBRAS DE CAMBIO CUBERTA DE VIVENDA UNIFAMILIAR E RESTAURACIÓN DE HÓRREO EN RÚA CEGA Nº 17 DE COMBARRO.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado e procede a dar lectura íntegra do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 16 de maio de 2016 que di textualmente: “Dáse conta do expediente tramitado a instancia de D<sup>a</sup> Carmen Laredo Rial, expte. núm. 436/15 mediante instancia presentada no Rexistro Xeral do Concello de Poio o día 11 de decembro de 2015, solicitando a exención do 95% da cota do ICIO segundo o establecido no artigo 4.5 d) da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras e que se lle devolva o que corresponda por obras de Rehabilitación de vivenda unifamiliar e hórreo en Rúa Cega 17 do lugar de Combarro.

Consta no expediente informe favorable da interventora municipal de data 10 de maio de 2016.

A Comisión por unanimidade, acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a adopción dos seguintes acordos: Primeiro: proceder a practicar unha liquidación por importe de 552,56€ en concepto de imposto sobre construcións, instalacións e obras con relación o expediente nº436/15 con relación unicamente a vivenda, quedando pendente de liquidación a correspondente actuación solicitada no hórreo e Segundo: con relación a esta liquidación, procedería a concesión dunha bonificación de ata o 95% na cota do imposto sobre construcións, instalacións e obras debendo o Pleno determinar a porcentaxe a aplicar segundo os criterios que estimen convenientes.”.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación polo voto favorable dos quince membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro:** Aprobar unha liquidación por importe de 552,56€ en concepto de imposto sobre construcións, instalacións e obras con relación o expediente nº436/15 con relación unicamente a vivenda, quedando pendente de liquidación a correspondente actuación solicitada no hórreo e con relación a esta liquidación conceder unha bonificación do 95% na cota do imposto sobre construcións, instalacións e obras.

**Segundo:** Dar traslado do presente acordo ao Departamento de intervención e urbanismo e notificar ao/á interesado/a con indicación de que contra o presente, poderá interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes, a contar desde a notificación, ao que se refire o artigo 108 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do réxime local, tal e coma preceptúa o artigo 14.2º do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, de acordo coas condicións previstas no mencionado artigo.

Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñer recurso contencioso administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses computados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación, consonte ao establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa; dito recurso deberá resolverse no prazo de 1 mes desde a formulación do recurso de reposición e pasado este mes enténdese desestimado.

Así mesmo, advírtese que tamén poderá utilizar calquera outro recurso que estime pertinente, así coma exercer as accións que proceda ante a xurisdición competente.

Neste momento entra no Salón de Sesións a Concelleira D<sup>a</sup>. Natividad Torres Balea.

4258.- CONTRATACIÓN, ARRENDAMENTO URBANO DE USO DISTINTO Á VIVENDA DE QUIOSCO BAR EN A SECA.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado e procede a dar lectura íntegra do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 16 de maio de 2016 que di textualmente: “Dáse conta do expediente, do prego de cláusulas administrativas e prescricións técnicas que rexerán na contratación do arrendamento de local de propiedade municipal sito na Seca, Poio, con destino a quiosco-bar de data 15 de marzo de 2016, do informe do Servizo de Contratación de data 6 de abril de

2016, do informe conxunto de secretaria e intervención de data 25 de abril de 2016 e da Proposta da Alcaldía de data 5 de abril de 2016 que textualmente di o seguinte: “ Con data 1 de xuño de 2016 remata o contrato de arrendamento urbano de uso distinto a vivenda de local de propiedade Municipal sito no lugar da Seca. Poio, cualificado como ben patrimonial, destinado á explotación de Quiosco-Bar por finalización do prazo contractual de dez anos, facéndose necesario proceder a unha nova contratación para o aluguer do indicado local para continuar desenvolvendo as prestacións que se viñan realizando no mesmo.

A necesidade administrativa a que se refire o artigo 22 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP) a satisfacer co contrato a que se describe no prego é dobre: dunha parte obter un rendemento económico do local en beneficio das arcas municipais e doutra continuar coa explotación do quiosco-bar, por considerarse un servizo necesario para cubrir as demandas dos usuarios pola súa proximidade ás instalacións deportivas e ao parque da Memoria, onde se realizan cantidade de competicións e de espectáculos culturais e festivos ao longo do ano con afluencia de público.

Polo indicado e en cumprimento do acordo adoptado pola Xunta de Goberno do 14 de marzo de 2016, iniciouse polo servizo de contratación do Concello a tramitación do expediente de contratación, de conformidade co disposto no artigo 107 da LPAP aplicando o concurso, termo que debe considerarse equivalente ao procedemento aberto previsto e regulado nos artigos 138 e 157 do TRLCSP, con varios criterios de adxudicación e tramitación ordinaria, artigos 109 a 111, por un prazo de un ano, prorrogable por anualidades ata un máximo de dez anos, incluído contrato e prórrogas, pola renda anual de 3.600,00€, que se corresponde co 6% do valor do ben segundo establece o artigo 92 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, que suporá a cantidade de 300,00€ mensuais, cantidade á que debe engadirse o IVE, dando como resultado o prezo anual de 4.356,00€ e mensual de 363,00€ incluído IVE, á alza.

Coa finalidade sinalada, propónse ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

1. Aprobación do correspondentes prego único de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas e do expediente de contratación na forma sinalada.

2. Apertura do procedemento de adxudicación do contrato, por procedemento aberto con varios criterios de adxudicación, previsto e regulado polos artigos 138, 150 e ss do TRLCSP, por un período de un ano, prorrogable por anualidades ata un máximo de 10 anos, prezo anual de 4.356,00€ e mensual de 363,00€ incluído IVE, á alza.”

O Sr. Moldes Martínez pregunta se ten prioridade o actual adxudicatario.

O Sr. Barreiro Lubián contñestalle que non, incluso tampouco o feito de ser de Poio, non é posible.

A Comisión por unanimidade de asistentes acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a adopción dos seguintes acordos: 1. Aprobación do correspondentes prego único de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas e do expediente de contratación na forma sinalada e 2. Apertura do procedemento de adxudicación do contrato, por procedemento aberto con varios criterios de adxudicación, previsto e regulado polos artigos 138, 150 e ss do TRLCSP, por un período de un ano, prorrogable por anualidades ata un máximo de 10 anos, prezo anual de 4.356,00€ e mensual de 363,00€ incluído IVE, á alza.”

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación polo voto favorable dos dezaseis membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro:** Prestar aprobación ao prego único de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas e do expediente de contratación na forma sinalada.

**Segundo:** Prestar aprobación á apertura do procedemento de adxudicación do contrato, por procedemento aberto con varios criterios de adxudicación, previsto e regulado polos artigos 138, 150 e ss do TRLCSP, por un período de un ano, prorrogable por anualidades ata un máximo de 10 anos, prezo anual de 4.356,00€ e mensual de 363,00€ incluído IVE, á alza.



**Terceiro:** Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Contratación para a realización dos trámites sucesivos do expediente.

4259.- CONTRATACIÓN, ARRENDAMENTO URBANO DE USO DISTINTO Á VIVENDA DE QUIOSCO FINCA COSTA XIRALDEZ-LOURIDO.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado e procede a dar lectura íntegra do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 16 de maio de 2016 que di textualmente: “Dáse conta do expediente, do prego de cláusulas administrativas e prescricións técnicas que rexerán na contratación do arrendamento de local de propiedade municipal sito na Finca Costa Xiráldez, Lourido, Poio, con destino a quiosco-bar de data 15 de marzo de 2016, do informe do Servizo de Contratación de data 6 de abril de 2016, do informe conxunto de secretaria e intervención de data 25 de abril de 2016 e da Proposta da Alcaldía de data 5 de abril de 2016 que textualmente di o seguinte: “ Por acordo adoptado o 14 de marzo de 2016 pola Xunta de Goberno deste Concello de denúciase o contrato de arrendamento urbano de uso distinto a vivenda do quiosco situado en Costa Xiráldez, Lourido, dándose á adxudicataria o correspondente prazo de audiencia aos efectos de que puidera alegar o que estimase procedente; transcorrido o indicado prazo de audiencia sen que o escrito presentado pola adxudicataria se recolla alegación ningunha contra o acordo indicado de denuncia do contrato, polo mesmo órgano colexiado en sesión do 4 de abril de 2016, acórdase continuar coa tramitación do procedemento para a adxudicación do novo contrato, por considerarse necesario que se continúen desenvolvendo as prestacións que se viñan realizando no mesmo.

A necesidade administrativa a que se refire o artigo 22 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP) a satisfacer co contrato a que se describe no prego é dobre: dunha parte obter un rendemento económico do local en beneficio das arcas municipais e doutra continuar coa explotación do quiosco-bar, por considerarse un servizo necesario para cubrir as demandas dos usuarios pola súa situación dentro do parque Costa Xiráldez en Lourido, onde se realizan actividades de expansión física, deportiva e espectáculos culturais e festivos ao longo do ano con afluencia de público.

Polo indicado e en cumprimento dos acordos sinalados, iniciouse polo servizo de contratación do Concello a tramitación do expediente de contratación, de conformidade co disposto no artigo 107 da LPAP aplicando o concurso, termo que debe considerarse equivalente ao procedemento aberto previsto e regulado nos artigos 138 e 157 do TRLCSP, con varios criterios de adxudicación e tramitación ordinaria, artigos 109 a 111, por un prazo de un ano, prorrogable por anualidades ata un máximo de dez anos, incluído contrato e prórrogas, pola renda anual de 6.000,00€, que se corresponde co 6% do valor do ben segundo establece o artigo 92 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, que suporá a cantidade de 500,00€ mensuais, cantidade á que debe engadirse o IVE, dando como resultado o prezo anual de 7.260,00€ e mensual de 605,00€ incluído IVE, á alza.

Coa finalidade sinalada, propónse ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

1. Aprobación do correspondentes prego único de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas e do expediente de contratación na forma sinalada.

2. Apertura do procedemento de adxudicación do contrato, por procedemento aberto con varios criterios de adxudicación, previsto e regulado polos artigos 138, 150 e ss do TRLCSP, por un período de un ano, prorrogable por anualidades ata un máximo de 10 anos, prezo anual de 7.260,00€ e mensual de 605,00€ incluído IVE, á alza.”

O Sr. Barreiro Lubián di que ao actual adxudicatario quedaríanlle 3 ou 4 anos de contrato pero tiña que haber solicitado a prórroga pero non o fixo, polo tanto ten que saír a concurso.

A Comisión por unanimidade de asistentes acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a adopción dos seguintes acordos: 1. Aprobación do correspondentes prego único de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas e do expediente de contratación na forma sinalada e 2. Apertura do procedemento de adxudicación do contrato, por procedemento aberto con varios criterios de adxudicación, previsto e regulado polos artigos 138, 150 e ss do TRLCSP, por un período de un ano, prorrogable por anualidades ata un máximo de 10 anos, prezo anual de 7.260,00€ e mensual de 605,00€ incluído IVE, á alza. ”

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación polo voto favorable dos dezaseis membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro:** Prestar aprobación ao prego único de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas e ao expediente de contratación.

**Segundo:** Aprobar a apertura do procedemento de adxudicación do contrato, por procedemento aberto con varios criterios de adxudicación, previsto e regulado polos artigos 138, 150 e ss do TRLCSP, por un período de un ano, prorrogable por anualidades ata un máximo de 10 anos, prezo anual de 7.260,00€ e mensual de 605,00€ incluído IVE, á alza.

**Terceiro:** Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Contratación para a realización dos trámites sucesivos do expediente.

4260.- CONTRATACIÓN, SEGURO DE ASISTENCIA SANITARIA COMPLEMENTARIA DO PERSOAL FUNCIONARIO DO CONCELLO DE POIO INTEGRADO NA SEGURIDADE SOCIAL.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado e procede a dar lectura íntegra do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 16 de maio de 2016 que di textualmente: “Dáse conta do expediente, do Prego de Cláusulas Administrativas e de Prescricións Técnicas Particulares que rexerán o Procedemento Aberto con varios criterios de adxudicación para a Contratación de Seguro de Asistencia Sanitaria Complementaria para o Persoal Funcionario do Concello de Poio integrado na Seguridade Social, de data 19 de abril de 2016, do informe de Intervención Municipal de data 10 de maio de 2016, do informe do Servizo de Contratación de data 19 de abril de 2016 e da Proposta do Concelleiro de Facenda de data 19 de abril de 2016 que, textualmente, di o seguinte: “ Con data 31 de decembro de 2016 remata o contrato de seguro de asistencia sanitaria en todo o territorio nacional ao persoal funcionario de carreira do Concello de Poio integrado na Seguridade Social en virtude da aplicación do Real Decreto 480/93, do 2 de abril, suscrito con SEGURCAIXA ADESLAS, SA DE SEGUROS GENERALES Y REASEGUROS para a cobertura das continxencias definidas no prego único de cláusulas administrativas e prescricións técnicas, facéndose necesario proceder á nova contratación do indicado servizo para continuar coa prestación da asistencia sanitaria.

Mediante a execución do contrato a que se refire o PCAP redactado, satisfaranse as necesidades a que se refire o artigo 22 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), que se describen no de Prego, de dando cobertura a esta obrigatoriedade legal e ao dereito fundamental á protección da saúde aos funcionarios de carreira integrados na Seguridade Social pertencentes ao Concello de Poio.

Polo indicado iniciouse polo servizo de contratación do Concello o expediente de contratación por procedemento aberto previsto e regulado polos artigos 138 e concordantes do TRLCSP, por un prazo de catro anos, prorrogable por anualidades ata un máximo de 10 anos, incluído contrato e prórrogas, polo prezo tipo por asegurado/mes de 55,00€ impostos incluídos, estando exento de IVE de conformidade co artigo 20.1.16 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido á baixa, con cargo aos orzamentos municipais, previa acreditación por parte da intervención municipal, da existencia de crédito, en cumprimento do disposto no artigo 109.3 do TRLCSP.

Coa finalidade sinalada, propónse ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

1. Aprobación do correspondente prego único de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas e do expediente de contratación con tramitación anticipada de gasto de conformidade co establecido no artigo 110.2 do TRLCSP e concordantes da Lei Xeral Presupostaria.

2. Apertura do procedemento de adxudicación do contrato, por procedemento aberto con varios criterios de adxudicación, previsto e regulado polos artigos 138, 150 e ss do TRLCSP, por un período de catro anos, prorrogable por anualidades ata un máximo de 10 anos, prezo asegurado/mes de 55,00€ impostos incluídos á baixa, con cargo aos orzamentos municipais dos anos 2016 e seguintes, condicionado á correspondente habilitación de crédito necesario e suficiente para os seguintes

exercicios.”

O Sr. Barreiro Lubián di que non varia nada do anterior, é un colectivo que se reduxo moito, actualmente son 29 (titulares e beneficiarios). É por 4 anos podendo aprobarse prórrogas por anualidades ata un máximo de 6 anos máis, cunha duración máxima total de 10 anos incluído o contrato.

A Comisión acorda deixalo pendente para o Pleno, co fin de poder facer un estudo do mesmo.”  
Da conta igualmente da achega ao expediente de informe de Secretaria de data 28 de maio de 2016.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación polo voto favorable dos dezaseis membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro:** Prestar aprobación ao prego único de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas e ao expediente de contratación con tramitación anticipada de gasto de conformidade co establecido no artigo 110.2 do TRLCSP e concordantes da Lei Xeral Presupostaria.

**Segundo:** Aprobar a apertura do procedemento de adxudicación do contrato, por procedemento aberto con varios criterios de adxudicación, previsto e regulado polos artigos 138, 150 e ss do TRLCSP, por un período de catro anos, prorrogable por anualidades ata un máximo de 10 anos, prezo asegurado/mes de 55,00€ impostos incluídos á baixa, con cargo aos orzamentos municipais dos anos 2016 e seguintes, condicionado á correspondente habilitación de crédito necesario e suficiente para os seguintes exercicios

**Terceiro:** Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Contratación para os trámites sucesivos do expediente.

4261.- MOCIÓN PARA O CUMPRIMENTO REAL E EFECTIVO DA CARTA EUROPEA DAS LINGUAS REXIONAIS E MINORIZADAS.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado mediante moción subscrita polo Grupo Municipal do BNG presentada no Rexistro Xeral do Concello con data 10 de maio de 2016 para o cumprimento real e efectivo da carta europea das linguas rexionais e minorizadas que foi sometida a consideración da Comisión Municipal de Cultura e Deporte con data 11 de maio de 2016 adoptándose o seguinte ditame: “MOCIÓN PARA O CUMPRIMENTO REAL E EFECTIVO DA CARTA EUROPEA DAS LINGUAS REXIONAIS E MINORIZADAS.- O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais, e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, esta MOCIÓN, en base á seguinte:

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 21 de xaneiro faciase público o 4º Informe de avaliación do cumprimento da Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias, elaborado polo Comité internacional de expertos. Ao tempo, e baseadas neste informe, faciáanse públicas as recomendacións do Consello de Ministros do Consello de Europa ao Estado español.

Nestas recomendacións, o Comité de expertos e o Consello de Ministros sinalan os aspectos que cómpre corrixir para o cumprimento efectivo das garantías que o Estado español e a propia Xunta de Galiza se comprometeron a cumprir ao ratificar a Carta en 2001,

Este concello manifesta o seu compromiso coa Carta Europea das Linguas Rexionais e Minorizadas, tratado internacional que garante os dereitos lingüísticos, nomeadamente en relación á lingua galega como lingua propia e oficial de Galiza e

INSTA á Xunta de Galiza a:

1. Cumprir con todas as recomendacións do Consello de Ministros e do Comité de Expertos do Consello de Europa, e exixir do Estado español a aplicación real dos seus compromisos en relación coa Carta, tal e como indica o Consello de Ministros.

2. Dar os pasos necesarios para cumprir co sinalado na alínea 640 do informe que afirma que o decreto 79/2010 de plurilingüismo contradí o establecido na Carta, e o punto 5º da resolución do

Consello de Ministros, onde sinala que a introdución dunha terceira lingua no ensino non pode afectar negativamente á propia.

3. Elaborar de maneira ampla e consensuada un novo decreto para o uso do galego no ensino, que atenda aos principios de normalización lingüística, e acorde co sinalado na Carta Europea.

4. Que mentres non se elabora o novo decreto, modifique o actual derogando os artigos que poñen límites ao uso do galego nas aulas, como as porcentaxes máximas de materias a impartir en galego nos centros e a prohibición de impartir na nosa lingua as materias científico-técnicas ou matemáticas.

5. Garantir unha oferta ampla de liñas de ensino infantil en galego en todas as vilas e cidades.

Poio, 9 de maio de 2016.”

A Presidenta da lectura a moción, e somete a mesma á votación dos/das asistentes resultando aprobada para a seu paso ao Pleno da Corporación con catro votos a favor: 2 BNG, 1 Concelleira Non Adscrita, 1 PSOE e 2 abstencións do PP.”.

Toma a palabra a Concelleira Sra. Salgueiro Piñeiro que explica aos membros corporativos o contido da moción presentada no que se insta á Xunta de Galicia ao cumprimento da Carta Europea das Linguas Rexionais, tanto no ámbito educativo como no ámbito privado facendo fincapé neste primeiro, xa que non se están a cumprir as recomendacións.

A Voceira do Grupo Municipal Socialista a Sra. Besada Lores manifesta que o seu grupo vai votar a favor da moción xa que é importante o fomento da lingua, destacar que é a propia CE quen chama a orde sobre o incumprimento desta Carta pola propia Xunta de Galicia.

A Sra. Díaz Iglesias manifesta que vai votar a favor o que considera básico e mínimo para garantir un dereito dos falantes de Galicia.

A Sra. Cochón Castro manifesta que o Grupo Municipal Popular vai votar a favor, xa que a lingua debe protexerse, aínda que non estemos de acordo no 100% da exposición de motivos.

Sometido a votación o ditame emitido pola Comisión de Cultura, Educación e Deporte este queda aprobado polo voto favorable dos dezaseis membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Instar á Xunta de Galicia a:

1. Cumprir con todas as recomendacións do Consello de Ministros e do Comité de Expertos do Consello de Europa, e exixir do Estado español a aplicación real dos seus compromisos en relación coa Carta, tal e como indica o Consello de Ministros.

2. Dar os pasos necesarios para cumprir co sinalado na alínea 640 do informe que afirma que o decreto 79/2010 de plurilingüismo contradí o establecido na Carta, e o punto 5º da resolución do Consello de Ministros, onde sinala que a introdución dunha terceira lingua no ensino non pode afectar negativamente á propia.

3. Elaborar de maneira ampla e consensuada un novo decreto para o uso do galego no ensino, que atenda aos principios de normalización lingüística, e acorde co sinalado na Carta Europea.

4. Que mentres non se elabora o novo decreto, modifique o actual derogando os artigos que poñen límites ao uso do galego nas aulas, como as porcentaxes máximas de materias a impartir en galego nos centros e a prohibición de impartir na nosa lingua as materias científico-técnicas ou matemáticas.

5. Garantir unha oferta ampla de liñas de ensino infantil en galego en todas as vilas e cidades.

4262.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE APOIO Á PLATAFORMA ENCE FÓRA DA RÍA PARA SEMPRE, 4 DE XUÑO 2016.- Pola Secretaria dáse conta da proposta do Grupo Municipal do BNG de adhesión ao Manifesto de data 29 de abril de 2016 da Plataforma Ence Fora da Ría para sempre e da Federación Ecoloxista Galega e que foi sometida a consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 16 de maio de 2016 emitíndose o seguinte ditame: “Dáse conta da moción de data 11 de maio de 2016 de apoio á Plataforma ENCE

FÓRA DA RÍA PARA SEMPRE E A FEDERACIÓN ECOLOXISTA GALEGA no que se recolle a seguinte resolución: “O Concello de Poio, consciente da problemática ambiental, social e económica que provoca a presenza do complexo ENCE-ELNOSA no seu actual emprazamento, acorda: 1.- Apoiar a mobilización convocada pola Plataforma ENCE FÓRA DA RÍA PARA SEMPRE e a Federación Ecoloxista Galega (FEG) baixo os lemas “ENCE FÓRA DA RÍA”, “polo saneamento integral da ría” e “NON Á EUCALIPRIZACIÓN” para o vindeiro SÁBADO 4 DE XUÑO ÁS 19:30 horas, con saída desde as Alamedas de Pontevedra e Marín, e facer un chamamento á cidadanía do Concello para que participe activamente na antedita mobilización e na Festa que posteriormente terá lugar na Praza de Os Praceres”.

A Comisión por 6 votos a favor do BNG, PSOE e da Concelleira Non Adscrita, ningunha abstención e 4 votos en contra do PP acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación.”.

Toma a palabra o Sr. Barreiro Lubián que explica que con este escrito o que se pretende e mostrar apoio a unha reivindicación tradicional de Ence Fora da Ría, presentada ante este pleno todos os anos por estas datas.

A Sra. Besada Lores manifesta que van apoiar a moción presentada, consideramos que esa non é a ubicación máis idónea, o traslado non significa o peche, pero os empregados poden enténdelo desa maneira. Pero desde os gobernos temos que ver o interese xeral e desde ese punto de vista pensamos que non é a ubicación. Mantemos o criterio do traslado.

A Sra. Diaz Iglesias di que vai votar a favor como todos os anos e este tipo de moción seguirase tratando mentres ENCE sega ahí. Causa un gran problema medio ambiental e este ano con tres lemas: “Ence fóra da Ría”, “Polo saneamento integral da Ría” e “Non a Eucaliptización”.

A Sra. Cochon Castro manifesta que o Grupo Municipal Popular non soamente non apoian a moción senon que piden que sexa retirada, xa que considera que vai en contra da veciñanza, xa que implica a destrución de postos de traballo e Ence garante emprego e salarios.

O Sr. Barreiro Lubián considera un debate do PP pouco adecuado, xa que son as súas propias políticas as que destrúen o emprego, o exemplo está na reforma laboral acometida polo PP. Non defendedes á veciñanza senón aos accionistas de Ence.

A Sra. Besada Lores di que as políticas de emprego do PP van encamiñadas a salarios de miseria xa que agora xa non se fala de mileuristas senón de soldos inferiores. O grupo do PP nunca defendeu aos traballadores non vai coas políticas de dereitas.

O Sr. Agís Gómez di que pedimos o traslado e non parece razoable o sistema de concesión a 65 anos, xa que se realiza unha concesión directa sen sacar a concurso, hai que ter en conta os intereses xerais sería escandaloso asinar conratos sen beneficio.

Unha vez rematada a quenda de intervencións sométese a votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas o que queda aprobado por 10 votos a favor (6 BNG, 3 PSOE e 1 Concelleira Non Adscrita), 5 votos en contra do PP e 1 abstención do Concelleiro do PP (Cándido Muiños Balea) adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Apoiar a mobilización convocada pola Plataforma ENCE FÓRA DA RÍA PARA SEMPRE e a Federación Ecoloxista Galega (FEG) baixo os lemas “ENCE FÓRA DA RÍA”, “polo saneamento integral da ría” e “NON Á EUCALIPRIZACIÓN” para o vindeiro SÁBADO 4 DE XUÑO ÁS 19:30 horas, con saída desde as Alamedas de Pontevedra e Marín, e facer un chamamento á cidadanía do Concello para que participe activamente na antedita mobilización e na Festa que posteriormente terá lugar na Praza de Os Praceres.

4263.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR PARA A FINALIZACIÓN DA VARANDA DE LOURIDO, O FINANCIAMENTO DE PROXECTO DE COLECTIVOS E ASOCIACIÓNS E A RECUPERACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN COMUNITARIA (PAC).- Dáse conta do moción presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular no Rexistro Xeral do Concello o 16 de maio de 2016 número 2615 e que foi sometida a consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 16 de maio de 2016 emitíndose o seguinte ditame: “Previa declaración de urxencia por unanimidade de asistentes, dáse conta da moción do Grupo Municipal Popular que, tras unha ampla exposición de motivos, solicita do Pleno a adopción dos seguintes acordos: “1. Achegar os recursos financeiros e materiais necesarios para finalizar a varanda de seguridade do paseo de Lourido con fondos transferidos ao Concello pola Deputación correspondentes aos Plans de Acción Comunitaria eliminados polo actual goberno provincial. 2. Informar aos grupos municipais e aos colectivos veciñais, culturais, deportivos e sociais do Concello de Poio do importe e a natureza dos fondos transferidos pola Deputación de Pontevedra en substitución dos devanditos Plans de Acción Comunitaria e outros programas destinados a apoiar as agrupacións veciñais na realización de investimentos, así como as condicións e prazos para acceder aos mesmos. 3. En caso de que o anterior non sexa posible pola non existencia de ditos fondos, solicitar pública e explicitamente á Deputación de Pontevedra a recuperación dos Plans de Acción Comunitaria, e a convocatoria de axudas para o exercicio 2016 e convocatorias sucesivas.”

A Comisión acorda deixalo pendente para o Pleno, co fin de poder facer un estudo do mesmo.”.

Toma a palabra a Sra.. Cochón Castro que explica o contido da moción presentada e que ten como obxectivo recuperar o Plan de Acción Comunitaria creados para apoiar os colectivos veciñais na realización de investimentos e que durante o 2015 preto de 300 colectivos de toda a provincia recibiron este tipo de axudas (acondicionamento de túa do cemiterio de San Salvador, mellora do local da Comunidade de Montes de San Xoán, promoción das actividades deportivas e culturais...).

Pedimos esta recuperación xa que cremos que as asociación e agrupacións fan unha labor moi importante e son os propios colectivos os que reclaman información para saber como se vai xestionar agora este tipo de axudas xa que a Deputación contesta a través dunha comunicación que agora este fondos son xestionados polos concellos dentro do Plan Concellos 2016.

O Sr. Barreiro Lubián di que o antigo sistema de reparto de fondos da antiga Deputación era “dixital”, non era un reparto adecuado respondía a discrecionalidade da presidencia da Deputación e había colectivos que non recibían nada.

Con este novo sistema opinamos que o reparto faise dunha maneira máis clara e a nos como Concello tocounos máis de 1 millón de euros que se destina a melloras no termo municipal para as demandas da veciñanza.

A Sra. Besada Lores manifesta que con esta moción o Partido Popular da a oportunidade de explicar como se gobernaba anteriormente na Deputación. Antes facíase un reparto pero deixábanse 20 millóns de euros para a libre disposición a repartir de forma caciquil.

Agora aumentamos un 9% as subvencións en deportes e hai unhas bases, que a poderán eleboralas os concello, para os clubs e repartiranse segundo a puntuación que se obteña (antes había que reunirse co presidente para levar a subvención que ao mellor, non a recibían).

Coa distribución do Plan Concellos ao noso Concello asignáronse 1.004.000 € a un ano, cantidade non recibida nos últimos 10.

Aos gobernos municipais elixenos os veciños e somos a administración máis directa e as necesidades dos veciños son satisfeitas polos gobernos municipais polo que a través dos representantes das parroquias ou lugares terán que vir ao concello para solicitar eses investimentos ao Alcalde ou concellería delegada.

Cremos que as asociacións, na maioría dos casos, non teñen capacidade para xestionar estes fondos xa que en moitos casos teñen que devolver estas cantidades por distintos problemas que teñan (xestión de terreos...) , as asociacións non teñen competencia para a realización deste tipo de obras e na

maioría das veces teñen que recorrer ao propio concello para que lle axude a rematar .

No voso escrito facedes referencia ao remate da varanda de Lourido pero nos cremos que hai outras prioridades ou acometidas máis urxentes como pode ser a adecuación do propio paseo que pode causar accidentes aos viandantes.

A Sra. Díaz Iglesias manifesta que na moción afirmase que a Deputación é motor esencial pero eu penso que deberían desaparecer xa que causan duplicidades e orixinan máis gastos.

Sobre a xestión do PAC preocúpame a falta de transparencia, antes e agora, o novo sistema non aumenta a transparencia porque antes falaban con Louzán e agora co Alcalde ou concelleiros.

O Sr. Domínguez Álvarez manifesta que unha vez que se lle explicou como funciona unha Deputación, pide que se lle conteste ao que o PP pide a través da Moción que é unha petición clara, se unha asociación ou agrupación quere solicitar financiamento para realizar unha actuación a onde ten que dirixirse.

O Sr. Barreiro Lubián di que as demandas das asociacións podían ser atendidas pola Deputación pero despois sacar os proxectos adiante é moito máis difícil, teñen que votar man do concello.

Pensamos que a distribución é máis equitativa, antes eran subvencións directas e agora a través do Plan Concello para distribuílo en obras que cremos necesarias.

O Sr. Domínguez Álvarez reitera a petición, xa que está sen responder, se unha asociación quere optar a estes cartos a onde ten que dirixirse.

O Sr. Agís Gómez di que a vosa moción vai dirixida ás obras, penso que é unha aberración, porque o que estades a pedir é que unha asociación acometa obras que acometen os concellos por competencia (saneamentos, obra pública...)

A información que hai que facilitarlle ás asociacións é que pode haber cousas prioritarias. Unha asociación non ten capacidade para xestionar este tipo de recursos, os cartos públicos teñen que xestionarse de forma equitativa.

O Sr. Muiños Balea pregunta se unha asociación quere facer unha obra nun ben parroquial como pode ser un cemiterio, xa non falamos de bens público, a onde ten que dirixirse, porque aínda non se contestou á pregunta.

Toma a palabra o Sr. Alcalde reiterando que o antigo plan de acción era totalmente caciquil, que non defenden para nada.

O que se deberá é elaborar ou establecer un sistema para que as asociacións accedan para realizar investimento urxentes. Agora cremos que é un reparto equitativo e xusto. Isto está empezando e haberá que establecer criterios obxectivos que poidan avaliarse.

Unha vez rematada a quenda de intervencións sométese á votación a moción presentada polo Grupo Municipal do PP para a finalización da varanda de Lourido, o financiamento de proxectos de colectivos e asociacións e a recuperación do Plan de Acción Comunitaria a que queda rexeitada por 6 votos a favor do PP, 9 votos en contra (6 do BNG e 3 PSOE) e 1 abstención da Concelleira Non Adscrita.

4264.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR PARA A IMPLIACIÓN DA ZONA DE XOGO INFANTIL DE CHOUSA E A CONSTRUCIÓN DUNHA ZONA DE XOGOS NOS ARREDORES DA RÚA COSTA DE ABAIXO EN COMBARRO.- Dáse conta da moción do Grupo Municipal do Partido Popular para a ampliación da zona de xogo infantil de Chousa e a construción dunha zona de xogos nos arredores da rúa Costa de Abaixo en Combarro presentada no Rexistro Xeral con data 16 de maio de 2016, número de entrada 2631, da que se deu conta na Comisión Informativa de

Urbanismo realizada con data 18 de maio de 2016 e que di textualmente: “As Administracións públicas en todos os niveis –tamén os Concellos- están obrigadas a garantir a provisión de espazos axeitados para o lecer e o esparecemento dos cativos, segundo os tratados internacionais asinados por España e a lexislación vixente.

O apartado 4º do artigo 39 da Constitución Española dispón que os nenos e as nenas “gozarán da protección prevista nos acordos internacionais que miran polos seus dereitos”, como a Convención dos Dereitos do Neno, do 20 de novembro de 1989, da que é parte España.

Dita convención establece no seu artigo 30.1º que os estados “recoñecen o dereito do neno ao descanso e ao esparecemento, ao xogo e ás actividades de lecer propias da súa idade e a participar libremente na vida cultural e nas artes”. De forma moi semellante, a Carta Europea dos Dereitos do Neno, ratificada por resolución do Parlamento Europeo en 1992, garante “o dereito de todos os nenos e nenas ao lecer, ao xogo e á participación voluntaria en actividades deportivas, así como ao desfrute de actividades sociais, culturais e artísticas”.

Estes convenios internacionais ratificados por España están plenamente vixentes en todo o territorio español e en Galicia en particular, mediante a Lei Orgánica 1/1996 do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor -que obriga ás administracións públicas a ter en conta as necesidades dos menores de idade ao exercer as súas competencias-, e a Lei 3/1997, galega da familia, a infancia e a adolescencia, que establece a protección dos dereitos individuais e colectivos de todos os membros da familia.

En Combarro, porén, esa obriga de fornecer á infancia con zonas e espazos de lecer non se está a observar de xeito satisfactorio, en parte polas particularidades desta freguesía.

Durante os últimos anos, houbo un importante incremento poboacional (máis dun 1% anual tanto no total da parroquia e no propio núcleo de Combarro). O núcleo de Combarro conta agora con un 10% de habitantes máis que hai unha década, sendo o lugar de residencia de case 1.300 persoas (1.284, datos do INE actualizados), das que máis de 130 serían nenos de menos de 10 anos.

Ademais, Combarro é cada ano o destino vacacional de decenas de miles de visitantes, que en moitas ocasións son tamén rapaces de curta idade coas mesmas necesidades recreacionais e os mesmos dereito ao lecer que os oriúndos. Cómpre recordar, ademais, que cun mercado turístico competitivo a provisión de infraestruturas e servizos para toda a familia resulta máis necesaria ca nunca.

Actualmente o núcleo de Combarro conta con dúas zonas de xogo infantil: unha na praza de Chousa cunha superficie aproximada de 70 m<sup>2</sup>, e unha de construción máis recente na Avda. Francisco Regalado á altura do porto con preto de 300 m<sup>2</sup>. Para facerse unha idea da pouca entidade destas áreas, baste comparala cos parques infantís de Raxó (cunha superficie combinada de máis de 300 m<sup>2</sup>) ou da Seca (1.500 m<sup>2</sup> de área total sumando a zona xunto ao Parque da Memoria e xunto ao Campo de Fútbol), lugares con menor poboación e unha afluencia de turistas moi inferior).

A dotación deses espazos e claramente insuficiente para a demanda de uso por parte dos nenos que alí viven, pero se ademais contamos os usuarios potenciais a conta do turismo nacional e foráneo e os residentes noutras parroquias e lugares de Poio, a falta destes elementos convértese nun problema de servizos e mesmo de imaxe dun dos nosos principais recursos.

Esta carencia, ademais, non é soamente un problema de superficie senón tamén de emprazamento e dispersión. Malia a urbanización e aumento de poboación recente no que daríamos en chamar a parte “alta” de Combarro –a zona de vivendas por riba da PO-308- os veciños desa zona non contan cun espazo de esparecemento para os moitos cativos que alí viven, véndose obrigados a cruzar a estrada e percorrer distancias considerables cos problemas de seguridade que iso conleva, e con frecuencia para chegar a un parque no que xa non hai sitio para xogar.

A nosa proposta é por tanto dupla: a expansión do minúsculo parque sito na praza da Chousa para darlle unha entidade de acordo coa demanda de veciños e visitantes da zona; e tamén a creación dun novo espazo pensado especialmente para os veciños da “parte alta” de Combarro de xeito que podan desfrutar dunha infraestrura axeitada e homologada sen ter que atravesar a estrada PO-308, co emprazamento tentativa no anexo.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal do Partido Popular no concello de Poio eleva ó Pleno a adopción dos seguintes acordos:



1. Levar a cabo as actuacións necesarias para a ampliación do parque infantil situado na Praza do Peirao da Chousa.

2. Levar a cabo as actuacións necesarias para a construción dun parque infantil na “zona alta” de Combarro, para o que se identifica unha zona na rúa Costa de Abaixo que pode resultar axeitada. De non selo, estudar o emprazamento apropiado para as devanditas actuacións. ”.

Toma a palabra o Sr. Muiños Balea explica o contido da moción na que basicamente se pide a ampliación do parque en Chousa, que se queda pequeno para a gran afluencia de nenos e nenas que alí se acercan e despois tamén pedimos que se instale un na zona da Costa de Arriba xa que ten moi malos accesos .

O Sr. Barreiro Lubián di que sería ideal poder facer mais espazos de lecer consistentes en prazas e parques pero necesitamos sitio e a nos parécenos que Chousa sexa o máis apropiado.

Sería ideal ter un parque cerca da casa e canto máis cerca mellor, pero non se pode instalar en todas as zonas.

Parécenos un plantexamento pouco serio. En Combarro hai dous parques duns 370 m/2 que evidentemente non se poden comparar con outros que hao no Concello como o da Reiboa .

Non se pode acceder a todo.

O Sr, Muiños Balea manifesta que o parque da Chousa é pequeno, non se pode dicir que chega, porque soamente hai un columpio, non se está a pedir un super parque senón unha ampliación.

O Sr. Lodeiro Cancela di que en Combarro hai máis parques como por exemplo en Chancelas.

O Sr. Agís Gómez manifesta que o parque certamente é pequeno, pero non cremos que cunha ampliación se resolva o problema, sempre vai quedar pequeno. Estamos de acordo que pode ser unha demanda veciñal, pódese estudar a mellora do chan pero non cremos que Chousa deba ter exclusividade infantil.

Con respecto á zona da Costa, hai que ter en conta a normativa específica (zona de afección,..) para a instalación dos parques e cremos que a ubicación non é a correcta.

O Sr. Alcalde di que a zona da costa ten un vial sen saída, pero hai vehículos, e pode ser perigosos para os propios nenos, é unha zona perigosa. Pido a retirada para o seu estudo.

A Sra. Diaz Iglesias di que está ben solicitar espazos para a infancia pero pediría unha planificación á hora de realizar este tipo de solicitudes, porque se necesitan terreos, dispoñibilidade orzamentaria... planificación con servizo análogo para todos non se poden pedir parques ao chou.

Unha vez rematada a quenda de intervencións sométese á votación a moción presentada polo Grupo Municipal do PP para a ampliación da zona de xogo infantil de Chousa e a construción dunha zona de xogos nos arredores da rúa Costa de Abaixo en Combarro a que queda rexeitada por 6 votos a favor do PP, 9 votos en contra (6 do BNG e 3 PSOE) e 1 abstención da Concelleira Non Adscrita.

4265.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR PARA A INMEDIATA POSTA A DISPOSICIÓN DOS TERREOS PARA A CONSTRUCIÓN DE BEIRARRÚAS E ACTUACIÓNS EN CAMPELO.- Dáse conta da moción do Grupo Municipal do Partido Popular para a inmediata posta a disposición dos terreos para a construción de beirarrúas e actuacións para seguridade vial en Campelo presentada no Rexistro Xeral con data 10 de maio de 2016, número de entrada 2484, da que se deu conta na Comisión Informativa de Urbanismo realizada con data 18 de maio de 2016 e que di textualmente: “70 anos despois da súa construción, a estrada que une o núcleo urbano de Campelo coa estrada PO-308 segue a ser unha das máis transitadas do Concello. Utilízana a diario os máis de 1.500 habitantes de Campelo, pero tamén os moitos usuarios do Centro de Saúde, do Colexio, da lonxa, da igrexa, así como os clientes e provedores dos comercios e establecementos de hostalaría que fan desta veciñanza un dos motores socioeconómicos de Poio.

Tristemente en moitos aspectos –en particular no que á seguridade vial se refire- a estrada non se atopa en mellores condicións que cando vai ser instalada no século pasado, máis ben ao contrario: Dos 3,5 km cos que conta, a metade non dispoñen de beirarrúas ou mesmo arcén polo que podan camiñar os peóns, malia que son a única forma de acceder á meirande parte dos servizos cos que conta Campelo e aos lugares de emprego ou recreo de moitos veciños e visitantes.

Esta situación foi obxecto de denuncia por parte dos veciños de Campelo desde hai anos, e en numerosas ocasións teñen solicitado a actuación por parte das administracións correspondentes para garantir a seguridade vial e a integridade física dos residentes.

Para remediar esta situación, o anterior goberno provincial chegou a un acordo co concello de Poio e os veciños de Campelo para executar un investimento de 1.700.000€ no acondicionamento desta estrada, ampliando a súa plataforma dos escasos seis metros que téñen actualmente ata unha anchura estándar de 12,6 metros que permitan a instalación de beirarrúas a ambos lados da estrada, así como espazo para aparcamento.

Esta actuación permitiría ademais unha mellor canalización, e nalgúns casos o fornecemento, de distintos servizos e subministrados para Campelo, como o saneamento, a traída de auga ou as telecomunicacións ou o abastecemento de electricidade.

Este acordo previa que a Deputación achegase o 70% do financiamento das obras, mentres que o concello de Poio só tería que asumir o 30% restante, a condición de que o concello xestionase a cesión dos terreos necesarios para a actuación. En atención ás dificultades financeiras do municipio, o anterior goberno provincial ofreceuse a adiantar a parte comprometida polo Concello (máis de 400.000 €) sen xuros nin intereses e a devolver cando fose conveniente a Poio, aínda que o Concello declinou este ofrecemento.

En outubro de 2015, o grupo do Partido Popular na Deputación de Pontevedra quixo que o novo goberno provincial se comprometese a respectar este acordo do anterior goberno co concello e cos veciños de Campelo, para o que presentou unha moción no pleno da Deputación, que foi aprobado por unanimidade por todos os grupos.

Só queda, por tanto, que o Concello de Poio cumpra o seu compromiso de xestionar a cesión gratuíta dos terreos para poder acometer a obra e dotar de beirarrúas e de seguridade vial a Campelo. Lamentablemente, máis de seis meses despois da aprobación da moción correspondente no pleno provincial, coa presenza dos veciños de Campelo e de destacados membros deste goberno, seguimos sen ter noticias sobre o estado das cesións de parcelas.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal do Partido Popular no concello de Poio eleva ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

1. Achegar inmediatamente á Deputación provincial os terreos necesarios para a construción das beirarrúas e demais obras necesarias para o acondicionamento da estrada de Campelo.”.

Toma a palabra a Sra. Torres Balea para explicar o contido da moción e pedir información sobre o estado de tramitación por parte do Concello para acometer as obras de Campelo no que se refire a posta a disposición dos terreos.

O Sr. Barreiro Lubián di que o proxecto aprobouse hai 4 ou 5 anos coas condicións postas pola Deputación pero foi imposible negociar cos veciños e agora vaise revisar o proxecto e volveremos a unir esforzos para conseguir terreos, porque agora hai a posibilidade de expropiación que antes non había.

A Sra. Besada Lores di que se trata dunha moción oportunista e autoritaria. Estaría ben que xa estivera executado ou polo menos executándose pero ata agora soamente estiveron poñendo trabas,

temos un proxecto que costou 60.000 € e que non aparece, pero como somos previsores remitímoslle unha copia para que os técnicos o estuden.

O Sr. Alcalde di que houbo convenios con aportacións do 80/20, 30/70 e incluso ao 100% do Concello, tratándose dunha estrada provincial, son defensor que o tivera que asumir a deputación. Neste caso o problema máis gordo, son os terreos, os veciños son os que se apoñen , e como coñecedores que hai moitos que non os van dar de ningunha das maneira.

O Sr. Agís Gómez di que é curioso o que pasa en Poio porque non pasa noutros concellos, cando nunha mesma estrada son varios concellos os que interveñen os criterios cambia, como por exemplo na PO 308 en Poio a Xunta di que o Concello ten que poñer a dispoñibilidade os terreos e na Lanzada pode expropiar.. Nos agora temos a posibilidade de expropiar que antes non existía

Unha vez rematada a quenda de intervencións sométese á votación a moción presentada polo Grupo Municipal do PP para a inmediata posta a disposición dos terreos para a construción de beirarrúas e actuacións para seguridade vial en Campelo a que queda rexeitada por 6 votos a favor do PP, 10 votos en contra (6 do BNG, 3 PSOE e 1 da Concelleira Non Adscrita), e ningunha abstención.

MOCIÓNS URXENTES ROGOS E INTERPELACIÓNS.- Non se producen.

PREGUNTAS.- Toma a palabra o Concelleiro Domínguez Álvarez, que di se o diñeiro do PAC se enviou aos concello, segundo escrito da deputación, e se unha asociación quere optar ten que dirixila ao Concello??

O Sr. Alcalde di que unha vez que se presente a solicitude contestarse por escrito.

A continuación toma a palabra o Sr. Muiños Balea solicitamos que se instale a fibra óptica no Casco Histórico de Combarro xa que saiu en prensa como unha gran nova que a fibra óptica chegou a Poio pois cando se dea este tipo de información se especifique porque non é verdade.

A Sra. Besada Lores di que a fibra óptica hai que solicitala á compañía non se da por arte de maxia, no Casco vaise facer a instalación pero parece que a empresa vai cun pouco de retraso. Recordemos que se trata dunha empresa privada que se move por interese e polo seu propio beneficio.

O Sr. Agís Gómez di que hai moitos sitios que dispoñen de fibra pero teñen que dirixirse á empresa para que os dean de alta.

O Sr. Alcalde di que nos non temos que facer todo, nin traballar para as empresas privadas pero o que podemos facer e solicitar que as empresas subministradoras axilicen este tipo de instalación.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión ás vinte e dúas horas e trinta e oito minutos, da que se redacta a presente acta, de todo o que eu, Secretaria Xeral, dou fe.